

IES VIRXE DO MAR

DEPARTAMENTO DE LATÍN

PROGRAMACIÓN 2018-2019

ÍNDICE:

- 1.- Introducción.**
- 2.- Desenvolvemento das competencias clave.**
- 3.- Obxectivos xerais para eso e bacharelato.**
- 4.- Lingua Latina 4º ESO.**
 - 4.1.- Marco LOMCE e obxectivos xerais.**
 - 4.2.- Temporalización**
 - 4.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación**
 - 4.3.1.- Criterios de avaliación.**
 - 4.3.2.- Mínimos esixíbeis.**
 - 4.3.3.- Criterios de cualificación**
 - 4.3.4.- Procedementos de avaliación.**
 - 4.3.4.1.- Ordinaria.**
 - 4.3.4.2.- Extraordinaria.**
 - 4.3.5.- Sistemas de cualificación.**
 - 4.3.6.- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.**
 - 4.3.7.- Programa de recuperación.**
 - 4.3.7.1.- Da propia materia durante o curso.**
 - 4.3.7.2.- De materias pendentes doutros cursos.**
 - 4.4.- Metodoloxía didáctica.**
 - 4.5.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.**
 - 4.6.- Temas transversais.**
 - 4.7.- Actividades complementarias e extraescolares.**
 - 4.8.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.**
 - 4.9.- Tratamento do fomento da lectura.**
 - 4.10.- Tratamento e fomento das TIC.**
 - 4.11.- Procedementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente.**
- 5.- Latín I**
 - 5.1.- Marco LOMCE e obxectivos xerais.**
 - 5.2.- Temporalización**
 - 5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación**
 - 5.3.1.- Criterios de avaliación.**
 - 5.3.2.- Mínimos esixíbeis.**
 - 5.3.3.- Criterios de cualificación**
 - 5.3.4.- Procedementos de avaliación.**
 - 5.3.4.1.- Ordinaria.**
 - 5.3.4.2.- Extraordinaria.**
 - 5.3.5.- Sistemas de cualificación.**
 - 5.3.6.- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.**
 - 5.3.7.- Programa de recuperación.**
 - 5.3.7.1.- Da propia materia durante o curso.**
 - 5.4.- Metodoloxía didáctica.**
 - 5.5.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.**
 - 5.6.- Temas transversais.**
 - 5.7.- Actividades complementarias e extraescolares.**
 - 5.8.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.**
 - 5.9.- Procedementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente.**
- 6.- Latín II**
 - 6.1.- Marco LOMCE e obxectivos xerais.**
 - 6.2.- Temporalización**

6.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

6.3.1.- Criterios de avaliación.

6.3.2.- Mínimos esixíbeis.

6.3.3.- Criterios de cualificación

6.3.4.- Procedementos de avaliación.

6.3.4.1.- Ordinaria.

6.3.4.2.- Extraordinaria.

6.3.5.- Sistemas de cualificación.

6.3.5.1.- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

6.3.7.- Programa de recuperación.

6.3.7.1.- Da propia materia durante o curso.

6.3.7.2.- De materias pendentes doutros cursos.

6.4.- Metodoloxía didáctica.

6.5.- Materiais e recursos didáticos. Libros de texto.

6.6.- Temas transversais.

6.7.- Actividades complementarias e extraescolares.

6.8.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

6.9.- Procedementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente.

1.- INTRODUCCIÓN:

A materia de Latín, presente no currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e no de Bacharelato supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica. Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo. A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexa e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos. O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do Latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que precisa da lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable comezar o estudo do Latín en 4º de E.S.O. mediante un método natural no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase xa máis complexa e abordable nos cursos de Bacharelato. O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización co Latín como nexa unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o Latín sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para cada etapa.

2.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O estudo do Latín contribúe dun xeito claro ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística: o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co Latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina.

A interpretación dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación, en tanto que as etimoloxías grecolatinas facilitan a adquisición dun vocabulario culto e a comprensión de termos científicos e técnicos. O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa, esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Roma é a referencia para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, a meirande parte da iconografía difundida polos medios de comunicación e que inunda Internet ten a súa orixe no repertorio clásico. A linguaxe científica e tecnolóxica ten unha débeda permanente coa lingua latina ou grega clásicas e a **competencia básica en ciencia e tecnoloxía** comeza pola comprensión e aprehensión da súa linguaxe. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos e desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuíndo, pois, ao logro da **competencia en conciencia e expresión cultural**. Desde o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos, que son o referente histórico de organización social, de participación dos cidadáns na vida pública e da delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividadeas, a disciplina de Latín sitúase - no ámbito e no contorno dunha Europa diversa pero unida polo seu pasado e polo seu presente - como una contribución imprescindible cara a lograr a **competencia social e cívica**: o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración da participación cidadá, da negociación o diálogo fronte aos conflitos e da necesidade de acadar leis iguais para todos e construír sociedades máis xustas, tolerantes e felices.

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas, coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias y mediante a elaboración e presentación de traballos a través de medios informáticos favorécese a **competencia dixital**. Cómpre amosar a importancia dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido. O estudo do Latín, propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe e favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico que promove o desenvolvemento paulatino das **competencias de aprender a aprender e de autonomía e iniciativa persoal**, froito do recurso continuado a procedementos que exixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

3.- OBXECTIVOS XERAIS PARA ESO E BACHARELATO

A **Educación Secundaria Obrigatoria** contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- * Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- * Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- * Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- * Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- * Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- * Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- * Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- * Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatur
- * Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- * Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- * Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o

consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

* Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

* Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

* Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O **Bacharelato** contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

* Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

* Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

* Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

* Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

* Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

* Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

* Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

* Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

* Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade.

* Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación

sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

* Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

* Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

* Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

* Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

* Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

LINGUA LATINA 4º ESO

4.1.- Marco LOMCE e obxectivos xerais.

A disciplina de Latín na ESO ten como obxectivo xeral axudar aos alumnos a desenvolver unha serie de capacidades en relación co mundo romano e aportar á formación dos alumnos o coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da civilización occidental, que para o nivel de 4º de ESO se materializa nos seguintes obxectivos específicos:

- a.- Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
- b.- Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo, a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
- c.- Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
- d.- Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os rasgos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
- e.- Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
- f.- Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
- g.- Reflexionar sobre os elementos formales e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
- h.- Coñecer os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

4.2.-TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

1. Marco xeográfico da lingua.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
4. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	LAB2.1.1. Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.
5. Orixes do alfabeto latino.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.
6. Pronuncia do latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
7. Formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
8. Tipos de palabras: variables e invariables.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
9. Concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.
10. Elementos da oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

11. Casos latinos.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
12. Concordancia.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
13. Períodos da historia de Roma.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
14. Organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.
15. Análise morfolóxica e sintáctica.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
16. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
17. Iniciación ás técnicas de tradución.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.

18. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
19. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.
20. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
21. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
22. Locucións latinas de uso actual.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

1. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.
2. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
3. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
4.Elementos da oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

5.Casos latinos.	<p>LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.</p> <p>LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.</p>
6. Concordancia.	<p>LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.</p>
7. Flexión verbal. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	<p>LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.</p> <p>LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.</p> <p>LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa e modo indicativo.</p> <p>LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.</p>
8. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	<p>LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.</p>
9. Oración composta: oracións coordinadas.	<p>LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.</p>
10. A familia romana.	<p>LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.</p>
11. Mitoloxía e relixión.	<p>LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.</p> <p>LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.</p>
12. Análise morfolóxica e sintáctica.	<p>LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</p>
13. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	<p>LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas</p>

	linguas que coñece.
14. Iniciación ás técnicas de tradución.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
15. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
16. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.
17. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

1. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.
2. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
3. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
4. Flexión verbal. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación. LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de

	<p>presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.</p> <p>LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.</p> <p>LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.</p>
5. Casos latinos.	<p>LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.</p> <p>LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.</p>
6. Concordancia.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
7. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
8. Oración composta: oracións coordinadas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.
9. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.
10. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástalos cos da actualidade.
11. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.
12. Análise morfolóxica e sintáctica.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
13. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
14. Iniciación ás técnicas de tradución.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.

15. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
16. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.
17. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
18. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.

4.3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.3.1.- Criterios de avaliación.

Dentro dos criterios xerais de avaliación fixados pola LOMCE, consideraranse prioritarios os seguintes:

1. Aplicar regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.
2. Identificar compoñentes de orixe latino en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico. Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.
3. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas. Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.
4. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua. Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analogías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.
5. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina. Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

4.3.2.- Mínimos esixíbeis.

Dado que o eixo fundamental da asignatura ven constituído polo temario gramatical e lingüístico, e que o carácter progresivo deste tipo de contidos fai imposible, como é lóxico en calquera lingua, fixar contidos mínimos compartimentalizados para cada tema, fíxase, como nivel mínimo para supera-la asignatura, a condición de que o alumno debe demostrar a final de curso unha competencia de alomenos un 60 % sobre o conxunto completo do temario gramatical lingüístico detallado nesta programación. Na práctica, esto supón que o alumno debe dominar suficientemente o temario correspondente aos dous primeiros trimestres. Os temas do terceiro trimestre son, pois, excluídos dos contidos mínimos indispensabeis para superar a materia.

Ademais do mencionado criterio global, de índole cuantitativa, o alumno deberá dominar suficientemente certos aspectos da materia que son considerados contidos mínimos a nivel cualitativo. O dominio de tales aspectos, que serán enumerados a continuación, será considerado conditio sine qua non para que o alumno supere a materia:

- * Dominio das declinacións do sustantivo e adxetivo latinos.
- * Dominio da sintaxe básica da oración simple en castelán, galego e latín (asignación de funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo).
- * Dominio das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

Polo que ás probas escritas se refire, a competencia do alumnado sobre estes tres contidos mínimos da materia avaliarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- * Correcta declinación conxunta de concordancias sustantivo-adxetivo.
- * Identificación correcta das concordancias sustantivo-adxetivo presentes nos exercicios de traducción que formen parte das probas escritas nas que se fundamenta a cualificación da materia, según se expón a continuación.
- * Correcta análise morfolóxica dos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de traducción incluídos nas probas escritas (correcta identificación da declinación en función do enunciado da palabra, e correcta identificación do caso no que esta aparece en función do paradigma da declinación á que pertence).
- * Correcta asignación de funcións sintácticas aos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de traducción incluídos nas probas escritas, elaborada en función das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.
- * Correcta identificación da concordancia, en persoa e número, entre suxeito e verbo, pilar da estrutura da oración simple.
- * Elaboración dunha traducción ao galego ou castelán acorde cos datos da análise morfosintáctica previa das frases latinas propostas. Neste senso, cómpre deixar claro que as lagoas na análise e as diverxencias entre análise e traducción serán penalizadas, pois son indudablemente indicio de que os acertos nesta última son produto do mero azar ou da trampa (a un alumno pódennlle soplar ffacilmente a traducción dunha frase determinada, mais é cuase imposíbel que lle soplén a análise da mesma).

4.3.3.- Criterios de cualificación.

- Comprender e ser capaz de analizar morfosintácticamente e traducir textos breves e sinxelos.
- Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración.
- Adquirir un pequeno vocabulario latino.

- Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

4.3.4.- Procedementos de avaliación.

4.3.4.1.- Ordinaria.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, cando menos, unha proba obxectiva escrita sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de traducción vistos até entón na aula. Tódalas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiránse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de traducción, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e traducción de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de traducción das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados pola LOMCE, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a traducción terán máis valor que a morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado.

En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global, que –como é lógico nun proceso de avaliación continua nunha materia lingüística de contidos progresivos– virá marcada pola media obtida polo alumno nas probas do último trimestre, que abranguen os contidos lingüísticos do curso enteiro.

4.3.4.2.- Extraordinaria.

Aqueles alumnos que en xuño non acaden o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura na avaliación ordinaria (probas trimestrais e repesca de xuño, conforme ao programa de recuperación exposto no punto seguinte), serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística e aos contidos mínimos anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e traducción, e outros 4 p. a cuestións de teoría morfolóxica. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

4.3.5.- Sistemas de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, cando menos, unha proba obxectiva escrita sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de traducción vistos até entón na aula. Todas estas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiránse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de traducción, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e traducción de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de traducción das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados pola LOMCE, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións

etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a importancia da análise sintáctica e a tradución fronte á morfoloxía neste tipo de probas irá aumentando a medida que o curso avance. Nesta liña, os exercicios de tradución terán un valor aproximado de 5 puntos sobre 10 no primeiro trimestre, 6 sobre 10 no segundo e 7 sobre 10 no terceiro. En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter o aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 7 p. corresponderán a unha práctica de análise e tradución, e outros 3 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois, excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

4.3.6.- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

BLOQUE DE CONTIDO	PORCENTAXE ASIGNADA AO BLOQUE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	MÍNIMO ESIXIBLE
BLOQUE 1.- O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES	5%	<ul style="list-style-type: none"> –Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. –Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. –Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. –Coñecer regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. 	50%
BLOQUE 2.- SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS	5%	<ul style="list-style-type: none"> –Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. –Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. 	50%

<p>BLOQUE 3.- MORFOLOXÍA</p>	<p>20%</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Distinguir e clasificar tipos de palabras. -Comprender o concepto de declinación e conxugación. -Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente -Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. 	<p>50%</p>
----------------------------------	------------	--	------------

<p>BLOQUE 4.- SINTAXE</p>	<p>20%</p>	<ul style="list-style-type: none"> –Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. –Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. –Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. –Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. –Distinguir as oracións simples das compostas. 	<p>50%</p>
<p>BLOQUE 5.- HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN</p>	<p>5%</p>	<ul style="list-style-type: none"> –Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. –Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. –Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. –Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. –Recoñecer os tipos de vivenda de Roma, a alimentación, a indumentaria e as normas de hixiene persoal. –Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. 	<p>50%</p>
<p>BLOQUE 6.- TEXTOS</p>	<p>40%</p>	<ul style="list-style-type: none"> –Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. –Comparar as estruturas latinas coas das 	<p>50%</p>

		linguas propias. –Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	
BLOQUE 7.- LÉXICO	5%	–Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. –Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. –Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.	50%

4.3.7.- Programa de recuperación.

4.3.7.1.- Da propia materia durante o curso.

Polas razóns xa expostas derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, que implica un repaso constante e cotiá na aula dos contidos lingüísticos teóricos e prácticos correspondentes a trimestres anteriores, calquera alumno que obteña unha media de cinco puntos nas probas obxectivas do segundo trimestre - que marcan os contidos mínimos da materia - recuperará automaticamente o primeiro trimestre e terá garantizada unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación ordinaria, cuanlificación que poderá aumentar en función dos resultados obtidos nas probas do terceiro trimestre, nas que o alumnado que ten superados os contidos mínimos acude a subir nota.

No caso de que un alumno non supere o segundo trimestre, será convocado ao longo do terceiro trimestre a dúas probas de contidos mínimos baseados nos niveis mínimos de competencia lingüística fixados na programación. A cualificación definitiva dos alumnos que teñan o segundo trimestre pendente será calculada facendo unha media entre as dúas probas de contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

4.3.7.2.- De materias pendentes doutros cursos.

4º ESO é o primeiro curso no que se imparte Latín, polo que non pode haber alumnos con esta materia pendente.

4.4.- Metodoloxía didáctica.

O fio conductor do curso estará marcado por unha sucesión de exposicións teóricas do temario morfolóxico-sintáctico anteriormente detallado. Cada unha delas virá completada, de acordo co enfoque xeral da asignatura, con abundantes exercicios prácticos de análise morfosintáctica e tradución. Os contidos pertencentes ó terreo da fonética, léxico e etimoloxía –secundarios e instrumentais, a fin de contas, para a tarefa de tradución- non serán obxecto de exposicións monográficas, senón de comentarios cotidianos ó fio dos textos traducidos en clase. Outros moitos aspectos secundarios serán comentados ó fio dos textos, segundo o tradicional procedemento do comentario de *realia*.

4.5.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Gramática Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

4.6.- Temas transversais.

Obviamente, o tratamento dos contidos do programa implica constantes referencias transversais, especialmente con lingua galega e castelá, lingua inglesa e francesa e ciencias sociais. Con todo, non se ten trazado un plan de desenvolvemento sistemático de temas transversais, senon que éstos irán sendo tratados a modo de digresión a medida que vaian xurdindo ao fio do desenvolvemento do programa.

4.7.- Actividades complementarias e extraescolares.

A data de hoxe, o Departamento non ten previsto realizar actividades complementarias ou extraescolares.

4.8.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

A data de hoxe, non hai propostas de deseño de medidas de atención á diversidade para ningún alumno da materia.

4.9.- Tratamento do fomento da lectura.

O enfoque da asignatura de Latín no Centro límtase a aspectos lingüísticos, non literarios.

4.10.- Tratamento e fomento das TIC.

Aínda que se recurrirá ocasionalmente a recursos *online* para facer ilustrar contidos do temario, o tratamento e fomento das TIC non será sistemático.

4.11.- Procedementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente.

A experiencia demostra que, entre o alumnado que escolle latín en 4º ESO, hai maioría de alumnos que escollen o latín como mal menor para esquivar as súas dificultades en asignaturas dos bloques de ciencias. É certo que hai alumnos vocacionais, pero son minoría. Esta circunstancia, xunto co feito de que a LOMCE permite cursar Latín I en Bacaharelato ser ter cursado latín en 4º de ESO, aconsellan adecuar a porcentaxe de impartición dos contidos progresivos do currículo oficial ao nivel de ritmo de traballo e esixencia asumíbel por unha maioría de alumnos do grupo de latín 4, factor que varía de ano en ano. Con isto, búscase evitar o elevado porcentaxe de suspensos que implicaría adaptar o ritmo xeral do grupo ao nivel e ritmo dos alumnos vocacionais.

Nestas circunstancias, dous parámetros poden ser utilizados como indicadores na avaliación do proceso de ensino durante o curso: o porcentaxe de currículo que se puido impartir, e a porcentaxe de suspensos na avaliación ordinaria da materia. A experiencia de anos anteriores amosa que, unha vez superada a barreira da impartición do 50% do currículo, a porcentaxe de suspensos sube perigosamente ante a imposibilidade do grupo de segui-lo ritmo dunha asignatura que se complica progresivamente. Xaquelogo, e de novo de acordo con experiencias anteriores, un 25% de suspensos cun 50% de currículo impartido considérase unha cifra aceptábel, aínda que cómpre tomar a representatividade das estatísticas con moita precacución dado a baixo número de matriculados (en torno a 10-15 por ano) e ao habitual baixo nivel xeral de moitos dos mesmos como desertores das materias de ciencias.

LINGUA LATINA I (1º Bacharelato)

5.1.- Marco LOMCE e obxectivos xerais.

A disciplina de Latín no Bacharelato ten como obxectivo xeral aportar á formación dos alumnos e alumnas o coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da civilización occidental, que para o nivel de 1º de Bacharelato se materializa nos seguintes obxectivos específicos:

- 1.- Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos sinxelos, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
- 2.- Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer os principais compoñentes da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
- 3.-Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados ou traducidos, mediante unha lectura comprensiva.
- 4.- Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas.
- 5.- Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes diversas particularmente as relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 6.- Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
- 7.-Valorar a contribución do mundo romano na súa cualidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

5.2.- TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

<p>1. Marco xeográfico e histórico da lingua latina: o latín e a familia de linguas indoeuropeas. Fragmentación do latín. Linguas romances.</p>	<p>LA1B1.2.1. Define o concepto de “indoeuropeo” e reconece as linguas ides. e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.</p> <p>LA1B1.3.1. Identifica as linguas actualmente faladas en Europa, diferenciando entre ides. e non ides., clasifica as primeiras en familias e delimita nun mapa as súas zonas de uso.</p> <p>LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico do latín e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos historicamente relevantes.</p> <p>LA1B1.5.1. Distingue as etapas do latín e distingue a partir dun étimo latino os cultismos, semicultismos e formas patrimoniais.</p> <p>LA1B1.5.2. Coñece exemplos de étimos latinos dos que derivan tanto cultismos como palabras patrimoniais e sinaliza as diferencias de significado.</p> <p>LA1B1.5.3. Demuestra a presenza do latín no século XXI en tódolos niveis de uso e ámbitos sociais.</p> <p>LA1B1.4.1. Delimita o marco das linguas románicas faladas no mundo.</p> <p>LA1B1.4.1. Identifica as linguas de España, distinguindo romances e non romances e localiza nun mapa as súas zonas de uso.</p>
<p>2. Escritura e pronunciación do latín.</p>	<p>LA1B2.1.1. Recoñece distintos tipos de escritura, clasifícaos e describe os trazos que os diferencian.</p> <p>LA1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino e as súas diferencias co alfabeto grego.</p> <p>LA1B2.3.1. Explica a orixe de diferentes alfabetos actuais e as variacións que amosa cada un deles.</p> <p>LA1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos en latín, identificando e reproducindo exemplos de distintos tipos de pronuncia.</p>
<p>3. As linguas flexivas. Clases de palabras. Formantes.</p>	<p>LA1B3.3.1. Declina e conxuga palabras propostas, ilustrando con exemplos as características que distinguen a flexión nominal e a verbal.</p> <p>LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, distinguindo lexemas e morfemas e servíndose destes para identificar desinencias e explicar os conceptos de flexión e paradigma.</p> <p>LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que as caracterizan e define criterios para clasificalas.</p>
<p>4. Valores básicos dos casos latinos.</p>	<p>LA1B4.2.1. Coñece as funcións sintácticas básicas dos casos e deduce o valor do caso nas oracións propostas.</p>
<p>5. Flexión dos temas en -a 1ª dec</p>	<p>LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos de tema en -a.</p>

6. Flexión dos temas en -o (2ª declinación)	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos de tema en -o.
7. O adxectivo: adxectivos de tres terminacións.	LA1B3.4.1. Recoñece e declina correctamente os adxectivos da 1ª clase en concordancia con substantivos dos tres xéneros.
8. Flexión dos temas en consoante e -i (3ª declinación)	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos de tema en consoante e -i (3ª declinación)
9. O adxectivo: adxectivos de dúas e unha terminacións. Graos do adxectivo.	LA1B3.4.1. Recoñece e declina correctamente os adxectivos da 2ª e 3ª clase en concordancia con substantivos dos tres xéneros. LA1B3.4.1. Recoñece e sabe declinar os adxectivos nos seus diferentes graos, así como analizar as estruturas sintácticas a que da lugar.
10. Substantivos irregulares de uso máis frecuente.	LA1B3.4.1. Coñece a declinación dos substantivos irregulares máis frecuentes e explica en qué consiste a súa irregularidade.
11. Pronomes persoais, posesivos e demostrativos. Numerais cardinais e ordinais.	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente os pronomes estudados.
12. A flexión verbal. Conxugacións, tema de presente (indicativo) do verbo Sum e tema de presente (indicativo activo) dos verbos regulares.	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación, partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos regulares e recoñece a partir delas os modelos de conxugación. LA1B3.5.3. Conxuga correctamente o tema de presente dos verbos regulares en voz activa. LA1B3.5.3. Conxuga e traduce correctamente o tema de presente do verbo Sum. LA1B3.8.1. Compara os tempos e modos dos verbos latinos , do galego e o castelán.
13. Sintaxe da oración simple. Concordancia. Elementos da oración.	LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oración simple e identifica e explica as súas características. LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras de concordancia do latín e redacta en latín frases breves e sinxelas onde practica o seu uso. LA1B4.2.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos de breve extensión e moderada dificultade.
14. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.	LA1B6.1.1. Emprega adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica para comprender e traducir oracións ou textos breves de dificultade progresiva, así como para a retroversión a latín de oracións sinxelas en galego e castelán.
15. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados e traducidos.	LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os textos seleccionados, poñéndoo en relación cos contidos históricos e culturais estudados. LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos, distinguindo o tema principal e as súas partes.

16. Producción de textos breves e sinxelos en latín.	LA1B6.6.1. Mantén un diálogo sinxelo en latín sobre un tema previamente acordado e facendo uso do vocabulario estudado.
17. Vocabulario en latín.	LA1B7.1.1. Deduce o significado dos termos latinos non estudados partindo do contexto e de palabras doutras linguas que coñece. LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e coñece as de uso máis frecuente.
18. Locucións latinas de uso actual.	LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas usadas na actualidade e sabe empregalas nun contexto adecuado.
19. Historia de Roma.	LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala os seus períodos e identifica as conexións máis importantes con outras civilizacións. LA1B5.1.2.Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os feitos e rasgos máis importantes de cada época. LA1B5.1.3. Pon en contexto os feitos históricos máis importantes e relaciónaos con circunstancias contemporáneas. LA1B5.1.4. Pode elaborar eixos cronolóxicos onde coloca os fitos históricos, consultando diferentes fontes de información. LA1B5.1.5. Describe os fitos históricos e os trazos sobresaíntes da civilización latina e analiza a súa influencia no devir histórico.
20. Organización política e social.	LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. LA1B5.4.2. Describe a organización e evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na Antigüidade e na época moderna.
21. Mitoloxía e relixión.	LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes e explica os aspectos que os diferencian entre si.
22. Ritos funerarios.	LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e diferenzas cos de hoxe.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

1. Flexión nominal: temas en -u	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos de tema en -u (4ª declinación).
2. Flexión nominal: temas en -e	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos de tema en -e (5ª declinación).

3. Pronomes relativos, interrogativos e indefinidos.	LA1B3.4.1. Coñece e declina correctamente os pronomes relativos, interrogativos e indefinidos máis frecuentes.
4. A flexión verbal. Verbo Sum e compostos. Verbos regulares.	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación, partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos regulares e recoñece a partir delas os modelos de conxugación.
4. A flexión verbal. Verbo Sum e compostos. Verbos regulares.	LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos regulares e recoñece a partir delas os modelos de conxugación. LA1B3.5.3. Conxuga correctamente os verbos regulares en voz activa e pasiva. LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. LA1B3.5.3. Conxuga e traduce correctamente o verbo Sum e compostos. LA1B3.8.1. Compara os tempos e modos dos verbos latinos cos do galego e o castelán.
2. Valores dos casos: ampliación.	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos da flexión nominal e pronominal, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos, incluídos os complementos circunstancias, o axente, os acusativos de dirección e extensión, así como os funcións explicados nas avaliacións anteriores.
3. Oración composta: coordinación e subordinación.	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
4. Sintaxe do infinitivo e o participio.	LA1B4.6.1. Recoñece as distintas formas de infinitivo, analiza as estruturas sintácticas a que da lugar e as compara cos usos do infinitivo en castelán e galego. LA1B4.7.1. Analiza morfolóxicamente as formas de participio, sabe enuncialas e declinalas correctamente e analiza sintácticamente as construcións de participio concertado e absoluto.
5. Oración de relativo; repaso e ampliación. Valores adverbiais.	LA1B4.5.1. Recoñece o caso do relativo na oración, comprende as relacións sintácticas que establece co resto dos elementos, exprésaa mediante análise sintáctica e suliña as semellanzas e diferencias coas estruturas correspondentes das linguas que coñece.
6. Lectura comprensiva, lectura comparada e comentario de textos.	LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os textos seleccionados, poñéndoos en relación cos contidos históricos e culturais estudados. LA1B.6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos, distinguindo o tema principal e as súas partes.
7. Iniciación ás técnicas de tradución.	LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando a información gramatical incluída nas súas entradas, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado ao texto que está a traducir.

8. Produción de pequenos textos en lingua latina.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.
9. Análise de textos e tradución	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica para comprender e traducir textos, así como para facer exercicios sinxelos de retroversión.
10. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

11. Vocabulario latino.	LAB7.1.1. Deduce o significado dos termos latinos non estudados partindo do contexto e de palabras doutras linguas que coñece. Identifica e explica as palabras transparentes e coñece as de uso máis frecuente.
12. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
13. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	LA1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos. LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras do léxico común das linguas propias e explica a partir destas o seu significado. LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.
14. A arte romana.	LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.
15. Obras públicas e urbanismo.	LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do imperio e a súa influencia en modelos posteriores. A1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio hispánico e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

1. Flexión verbal: verbos regulares, repaso e ampliación. Formas nominais. Conxugación perifrástica.	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación, partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.
2. Valores dos casos: ampliación.	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos da flexión nominal e pronominal, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos, incluídos os complementos circunstancias, o axente, os acusativos de dirección e extensión, así como os funcións explicados nas avaliacións anteriores.
3. Oración composta: coordinación e subordinación.	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
4. Sintaxe do infinitivo e o participio.	LA1B4.6.1. Recoñece as distintas formas de infinitivo, analiza as estruturas sintácticas a que da lugar e as compara cos usos do infinitivo en castelán e galego. LA1B4.7.1. Analiza morfolóxicamente as formas de participio, sabe enuncialas e declinalas correctamente e analiza sintácticamente as construcións de participio concertado e absoluto.
5. Oración de relativo; repaso e ampliación. Valores adverbiais.	LA1B4.5.1. Recoñece o caso do relativo na oración, comprende as relacións sintácticas que establece co resto dos elementos, exprésaa mediante análise sintáctica e suliña as semellanzas e diferencias coas estruturas correspondentes das linguas que coñece.
6. Lectura comprensiva, lectura comparada e comentario de textos.	LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os textos seleccionados, poñéndoos en relación cos contidos históricos e culturais estudados. LA1B.6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos, distinguindo o tema principal e as súas partes.
7. Iniciación ás técnicas de tradución.	LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando a información gramatical incluída nas súas entradas, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado ao texto que está a traducir.
8. Producción de pequenos textos en lingua latina.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.
9. Análise de textos e tradución.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica para comprender e traducir textos, así como para facer exercicios sinxelos de retroversión.
10. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

11. Vocabulario latino.	LAB7.1.1. Deduce o significado dos termos latinos non estudados partindo do contexto e de palabras doutras linguas que coñece. Identifica e explica as palabras transparentes e coñece as de uso máis frecuente.
12. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
13. Mantemento de elementos lingüísticos latinos	LA1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos. LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras do léxico común das linguas propias e explica a partir destas o seu significado. LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.
14. A arte romana.	LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.
15. Obras públicas e urbanismo.	LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do imperio e a súa influencia en modelos posteriores. LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio hispánico e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

5.3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Como é comprensible nunha disciplina das características da nosa, a AVALIACIÓN será CONTINUA, especialmente nos aspectos lingüísticos, polo que, na proba da 2ª avaliación, inclúiranse contidos da 1ª e na proba da 3ª avaliación ou AVALIACIÓN FINAL inclúiranse os contidos traballados ao longo de todo o curso.

As tres avaliacións que terán lugar ao longo do curso deberán permitir ao profesor coñecer o grao de asimilación por parte dos alumnos dos contidos explicados, realizar un seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe e determinar as dificultades específicas.

5.3.1.- Criterios de avaliación.

A título xeral, a LOMCE enumera os seguintes posibles criterios de avaliación para a materia:

1. Comprender e ser capaz de traducir textos latinos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible. Con este criterio preténdese comprobar, a través de exercicios de comprensión e posterior tradución literal dun texto, a competencia lingüística en latín e a capacidade de recoñecer as diversas estruturas dunha lingua flexiva. Os textos serán breves, orixinais ou elaborados e de

dificultade mínima. Poderán contribuír á valoración da consecución de obxectivos os exercicios doados de tradución inversa ou de elaboración en latín de pequenas mensaxes orais e escritas.

2. Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio pretende comprobar se o alumnado adquiriu as nocións de morfoloxía e de sintaxe que lle permitan recoñecer as características dunha lingua flexiva e identificar formas, funcións e elementos fundamentais, todo iso sempre co obxectivo primordial de comprender e traducir o texto latino. O alumnado relacionará eses elementos básicos cos das linguas galega e castelá ou outras coñecidas por el.

3. Ler e comentar textos traducidos de diversos xéneros ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles. Con este criterio preténdese determinar a capacidade de comprender o contido esencial dun texto, delimitar as súas partes e establecer a relación entre elas. O estudante poderá manifestar a súa competencia mediante exercicios de lectura comprensiva de textos con sentido completo, contrastando os textos latinos con textos de literatura actual e valorando a súa vixencia na actualidade.

4. Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, así como deducir regras básicas de derivación e composición. Este criterio trata de constatar se o alumnado ten conciencia de que as linguas faladas na Península evolucionaron desde o latín, agás o eúscaro, que recibiu del importantes achegas léxicas. Deberanse relacionar palabras do galego e do castelán ou doutras linguas romances cos seus correspondentes étimos latinos e identificar os cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos producidos no curso da súa evolución.

5. Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. Con este criterio comprobarase o coñecemento do pasado romano, especialmente centrado na Península Ibérica, e a constatación da súa vixencia no mundo actual. Posibles exercicios son o traballo sobre fontes escritas e iconográficas, sobre pezas conservadas nos fondos museísticos e xacementos arqueolóxicos, ou a procura nos medios de comunicación de referencias ao mundo romano.

6. Planificar e realizar, seguindo as pautas do profesorado, algún traballo de investigación sobre a presenza do mundo romano no contorno, consultando as fontes directas (restos arqueolóxicos, epigrafía, textos antigos) e utilizando as TIC como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio pretende verificar que o alumnado distingue no seu contorno os elementos do mundo clásico, recoñecéndoo como herdanza do noso propio pasado, e que os interpreta correctamente mediante a utilización selectiva de fontes diversas. Tamén trata de avaliar a capacidade de indagar nas fontes directas e tomar contacto cos materiais ordenando os datos obtidos e elaborando o traballo mediante o uso das TIC como ferramentas fundamentais. Neste sentido recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

7. Comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano. Este criterio pretende que o alumnado practique o hábito da lectura comprensiva e a visión crítica de películas documentais e de ficción relacionadas co mundo romano.

Dentro destas, e ante a imposibilidade material de preparar a fondo aos alumnos para afrontar todas elas e a conveñenza de encaminar a preparación do alumnado dende o primeiro momento á eventual realización das ABAU, co seu peculiar formato, as probas escritas que constituirán o criterio básico de cualificación, estarán centradas nos seguintes criterios:

* Identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da frase, apreciando discrepancias e coincidencias coas outras linguas coñecidas.

* Pasar á lingua materna coa maior fidelidade posible textos breves latinos, facilitados ou elaborados, e

preferentemente narrativos.

* Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analiza-la súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, e deducir regras básicas de derivación e composición.

* Identifica-los aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñece-las pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

5.3.2.- Mínimos exisibeis.

De acordo coas orientacións da CIUG, o eixo fundamental da asignatura (70 % nas ABAU) ven constituído polo temario gramatical e lingüístico. O carácter progresivo deste tipo de contidos fai imposible, como é lóxico en calquera lingua, fixar contidos mínimos compartimentalizados para cada tema. Por elo fíxase, como nivel mínimo para supera-la asignatura, a condición de que o alumno debe demostrar a final de curso unha competencia de alomenos un 60 % sobre o conxunto completo do temario gramatical lingüístico detallado nesta programación. Na práctica, isto quere decir que os alumnos deben dominar suficientemente o temario lingüístico correspondente aos dous primeiros trimestres da programación.

O temario cultural puramente teórico, constitutivo dun 30% da cualificación global da asignatura de acordo coas orientacións da CIUG para as ABAU, queda excluído dos contidos mínimos esixibeis para supera-la asignatura.

Ademais do mencionado criterio global, de índole cuantitativa, o alumno deberá dominar suficientemente certos aspectos da materia que son considerados contidos mínimos a nivel cualitativo. O dominio de tales aspectos, que serán enumerados a continuación, será considerado conditio sine qua non para que o alumno supere a materia:

* Dominio das declinacións do sustantivo e adxetivo latinos.

* Dominio da sintaxe básica da oración simple en castelán, galego e latín (asignación de funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo).

* Dominio das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

Polo que ás probas escritas se refire, a competencia do alumnado sobre estes tres contidos mínimos da materia avaliarase tendo en conta os seguintes aspectos:

* Correcta declinación conxunta de concordancias sustantivo-adxetivo.

* Identificación correcta das concordancias sustantivo-adxetivo presentes nos exercicios de tradución que formen parte das probas escritas nas que se fundamenta a cualificación da materia, según se expón a continuación.

* Correcta análise morfolóxica dos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de tradución incluídos nas probas escritas (correcta identificación da declinación en función do enunciado da palabra, e correcta identificación do caso no que esta aparece en función do paradigma da declinación á que pertence).

* Correcta asignación de funcións sintácticas aos sustantivos e adxetivos presentes nos exercicios de tradución incluídos nas probas escritas, elaborada en función das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

* Correcta identificación da concordancia, en persoa e número, entre suxeito e verbo, pilar da estrutura

da oración simple.

* Elaboración dunha tradución ao galego ou castelán acorde cos datos da análise morfosintáctica previa das frases latinas propostas. Neste senso, cómpre deixar claro que as lagoas na análise e as diverxencias entre análise e tradución serán penalizadas, pois son indudablemente indicio de que os acertos nesta última son produto do mero azar ou da trampa (a un alumno pódennlle soplar fácilmente a tradución dunha frase determinada, mais é cuase imposible que lle soplen a análise da mesma).

5.3.3.- Criterios de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, por regra xeral, dúas probas obxectivas escritas, todas elas puntuadas de 0 a 10. Como norma xeral, o 100% de ditas probas estará baseado na teoría morfolóxica e as prácticas de tradución.

As sucesivas probas, centradas en teoría gramatical e tradución, dividiranse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de tradución, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e tradución de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de tradución das probas de avaliación, e de acordo cos criterios de avaliación fixados na LOMCE, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a importancia da análise sintáctica e a tradución fronte á morfoloxía neste tipo de probas irá aumentando a medida que o curso avance. Nesta liña, os exercicios de tradución terán un valor aproximado de 5 puntos sobre 8 no primeiro e segundo trimestres, e de 6 sobre 8 no terceiro. En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado.

En suma, e de acordo coa comentada posición privilexiada da análise sintáctica e tradución no enfoque xeral da asignatura, e como criterio xeral, os contidos culturais suporán un 20% das cualificacións trimestrais e final. O 80% restante corresponderá aos contidos de gramática e tradución.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e tradución, e outros 4 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois, excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.3.4.- Procedementos de avaliación.

5.3.4.1.- Ordinaria.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, cando menos, unha proba obxectiva escrita sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de tradución vistos até entón na aula. Tódalas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiranse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de tradución, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e tradución de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos

exercicios de traducción das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados na LOMCE, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a traducción terán máis valor que a morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfilar-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado.

En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global, que –como é lóxico nun proceso de avaliación continua nunha materia lingüística de contidos progresivos– virá marcada pola media obtida polo alumno nas probas do último trimestre, que abranguen os contidos lingüísticos do curso enteiro.

5.3.4.2.- Extraordinaria.

Aqueles alumnos que en xuño non acaden o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura na avaliación ordinaria (probas trimestrais e repesca de xuño, conforme ao programa de recuperación exposto no punto seguinte), serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística e aos contidos mínimos anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e traducción, e outros 4 p. a cuestións de teoría morfolóxica. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixar-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.3.5.- Sistemas de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, salvo imprevistos, dúas probas obxectivas escritas sobre os temas de teoría morfolóxica e prácticas de traducción vistos até entón na aula. Todas estas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos. As probas dividiranse en dous bloques: o primeiro, de teoría morfolóxica, consistirá en exercicios de declinación e/ou conxugación; o segundo, de práctica de traducción, consistirá en exercicios de análise morfosintáctica e traducción de frases curtas ou pequenos textos. Polo que respecta aos exercicios de traducción das probas, e de acordo cos criterios de avaliación fixados na LOMCE, debe quedar claro que os alumnos deben coñecer-lo léxico comentado en clase e ser capaces de realizar deducións etimolóxicas básicas, polo que nas probas só lles será proporcionado o significado daqueles vocábulos non tratados previamente, de etimoloxía difícil e/ou carentes de herdanza romance. Por último, e sempre de acordo co enfoque xeral da asignatura, a análise sintáctica e a traducción terán máis valor que a morfoloxía nas probas que se fagan durante o curso, nunha proporción de 70% (7 sobre 10 puntos) fronte ao 30% (3 sobre 10 puntos). En calquera caso, o baremo concreto para cada proba constará claramente no exame para información do alumnado. En calquera caso, para obter-lo aprobado trimestral o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos na media das probas.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfilar-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase ós niveis mínimos de competencia lingüística anteriormente descritos. Será cualificada sobre 10 puntos, dos cales 6 p. corresponderán a unha práctica de análise e tradución, e outros 4 p. a cuestións morfolóxicas. Os contidos culturais serán, pois, excluídos desta proba extraordinaria de Setembro, que se cingue exclusivamente a contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.3.6.- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

BLOQUE DE CONTIDO	PORCENTAXE ASIGNADA AO BLOQUE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	MÍNIMO ESIXIBLE
BLOQUE 1 BLOQUE 2	5%	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características. - Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos. - Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en Latín e distinguir os seus tipos. 	50%
BLOQUE 3 MORFOLOXÍA	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Dominar as cinco declinacións (sustantivos e adxectivos). - Coñecer e comprender o sistema verbal regular (formas persoais en voz activa e pasiva) e os verbos irregulares (<i>Sum</i> e compostos, <i>Volo</i> e compostos) - Recoñecer os graos do adxectivo. - Coñecer as peculiaridades da declinación pronominal: pronomes persoais, demostrativos, indefinidos e pronome relativo. 	

<p>BLOQUE 4</p> <p>SINTAXE</p>	<p>20%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender a sintaxe básica dos casos. - Empregar correctamente as preposicións máis frecuentes (<i>a/ab, ad, in, e/ex, inter, cum</i>). - Analizar oracións simples (copulativas, activas e pasivas). - Recoñecer e analizar as conxuncións coordinadas. - Comprender e analizar oracións compostas (coordinadas e subordinadas adxectivas). 	<p>50%</p>
		<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os feitos históricos das etapas da 	

<p>BLOQUE 5</p> <p>HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN</p>	<p>10%</p>	<p>historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos. - Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos. - Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual. - Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<p>50%</p>
<p>BLOQUE 6</p> <p>TEXTOS</p>	<p>40%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos. - Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. 	<p>50%</p>
<p>BLOQUE 7</p> <p>LÉXICO</p>	<p>5%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir un vocabulario latino básico e de uso máis frecuente, recoñecendo os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. - Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. 	<p>50%</p>

5.3.7.- Programa de recuperación.

5.3.7.1.- Da propia materia durante o curso.

Polas razóns xa expostas derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, que implica un repaso constante e cotiá na aula dos contidos lingüísticos teóricos e prácticos correspondentes a trimestres anteriores, calquera alumno que obteña unha media de cinco puntos nas probas obxectivas do segundo trimestre - que marcan os contidos mínimos da materia - recuperará automaticamente o primeiro trimestre e terá garantizada unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación ordinaria, cualificación que poderá aumentar en función dos resultados obtidos nas probas do terceiro trimestre, nas que o alumnado que ten superados os contidos mínimos acude a subir nota.

No caso de que un alumno non supere o segundo trimestre, será convocado ao longo do terceiro trimestre a dúas probas de contidos mínimos baseados nos niveis mínimos de competencia lingüística fixados na programación. A cualificación definitiva dos alumnos que teñan o segundo trimestre pendente será

calculada facendo unha media entre as dúas probas de contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

5.4.- Metodoloxía didáctica.

O fio conductor do curso está marcado por unha sucesión de exposicións teóricas do temario morfolóxico-sintáctico anteriormente detallado. Cada unha delas virá completada, de acordo co enfoque xeral da asignatura, con abundantes exercicios prácticos -de análise morfosintáctica e traducción no caso dos contidos lingüísticos, e de comentario de textos no caso dos contidos culturais. Os contidos pertencentes ó terreo da fonética, léxico e etimoloxía –secundarios e instrumentais, a fin de contas, para a tarefa de traducción- non serán obxecto de exposicións monográficas, senón de comentarios cotidianos ó fio dos textos traducidos en clase. En canto ós contidos culturais, prevense un máximo de dúas exposicións monográficas ó trimestre para temas de especial relevancia na LOMCE. Outros moitos aspectos secundarios serán comentados ó fio dos textos, segundo o tradicional procedemento do comentario de *realia*.

5.5.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Gramática Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Vox Latina -método de exercicios. Valentí Fiol. Editorial Bosch.

5.6.- Temas transversais.

Obviamente, o tratamento dos contidos do programa implica constantes referencias transversais, especialmente con lingua galega e castelá, lingua inglesa e francesa e ciencias sociais. Con todo, non se ten trazado un plan de desenvolvemento sistemático de temas transversais, senon que éstos irán sendo tratados a modo de digresión a medida que vaian xurdindo ao fio do desenvolvemento do programa.

5.7.- Actividades complementarias e extraescolares.

A data de hoxe, o Departamento non ten previsto realizar actividades complementarias ou extraescolares.

5.8.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

A data de hoxe, non hai propostas de deseño de medidas de atención á diversidade para ningún alumno da materia.

5.9.- Procedementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente.

Dado que a vixente configuración da LOMCE obriga a escoller Latín II aos alumnos que escolleron Latín I, e que o latín é unha materia progresiva cuio pleno desenvolvemento implica os dous cursos de Bacharelato, e cuio obxectivo último é a preparación do alumnado para as probas ABAU, a avaliación plantéxase a dous anos vista, para o ciclo completo dos dous anos de Latín I e II. A tal fin, considérase que o índice de avaliación máis obxectivo posíbel é o cotexo das cualificacións obtidas polo alumnado nas probas ABAU e a observación de posíbeis discrepancias con respecto ás cualificacións obtidas en segundo curso de Bacharelato.

LINGUA LATINA II (2º Bacharelato)

6.1.- Marco LOMCE e obxectivos xerais.

A disciplina de Latín no Bacharelato ten como obxectivo xeral aportar á formación dos alumnos e alumnas o coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais da civilización occidental, que para o nivel de 2º de Bacharelato se materializa nos seguintes obxectivos específicos:

- 1.- Afondar no coñecemento da morfoloxía nominal e verbal latina.
- 2.- Afondar no coñecemento da sintaxe dos casos.
- 3.- Afondar na sintaxe oracional, especialmente na subordinación.
- 4.- Ampliar o nivel de asimilación, competencia e comprensión do léxico latino e capacitar aos alumnos no uso apropiado e eficaz do dicionario.
- 5.- Recoñecer as construcións sintácticas complexas máis especificamente latinas: ablativo absoluto, participio concertado, *cum* histórico, xerundio e xerundivo, etc.
- 6.- Profundizar nas técnicas de tradución e interpretación de textos de autores latinos de certa complexidade.
- 7.- Coñecer os xéneros e autores máis representativos da literatura latina e realizar lecturas comprensivas de obras ou pasaxes seleccionadas.
- 8.-Ampliar aspectos de cultura e civilización.
- 9.-Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e continuar afondando no coñecemento e comprensión de latinismos e locucións latinas.

No marco destes obxectivos xerais, lóxicamente, neste curso de Lingua Latina II preténdese que os alumnos adquiren unha base suficiente para afrontar con garantías o programa que a CIUG marca para segundo curso. Neste sentido, débese precisar que as orientacións da CIUG para Latín II aconsellan un enfoque da asignatura que se corresponda co exame tipo das ABAU. Este Departamento optou, por tanto, por orienta-la preparación do alumnado cara ao exame tipo das ABAU, que concede preponderancia á tradución (6 p.) sobre os aspectos gramaticais (1 p.) e culturais (3 p.). En consecuencia, a labor e competencia en tradución de textos latinos ao castelán e/ou galego cobrarán posición preeminente na programación e avaliación da asignatura xa dende primeiro curso, nos termos que serán detallados máis adiante.

Este obxectivo xeral pódese desglosar nos seguintes obxectivos parciais de acordo coas distintas vertentes, lingüísticas e culturais, que conforman a esencia da materia.

- 1) Fonética: Coñecemento xeral do sistema fonético, pronunciación e acento latinos, así como dos mecanismos fonéticos máis productivos no paso do latín ás linguas romances, con especial fincapé no caso do castelán e o galego-portugués.
- 2) Morfoloxía: Coñecemento fondo da flexión nominal e verbal latinas.
- 3) Sintaxe: Dominio da sintaxe da oración simple activa e pasiva en latín e, en consecuencia, da sintaxe de casos. Adquisición de rudimentos de sintaxe da oración composta, con especial fincapé

nas conxunxións de subordinación UT e CUM.

- 4) Léxico e etimoloxía: Adquisición dun vocabulario básico de máis ou menos 500 termos latinos de uso frecuente. Neste terreo cobran especial importancia as prácticas de etimoloxía dos correspondentes termos romances.
- 5) Sociedade e cultura: Introdución ós aspectos máis elementais da cultura e sociedade romanas (historia, sistemas políticos, relixión, manifestacións literarias...), indispensaveis para comprender adecuadamente no seu contexto a realidade subxacente á lingua.

Estes obxectivos parciais concíbense subordinados, como quedó dito, á **adquisición dunha técnica e competencia de tradución** acorde cos contidos lingüísticos e culturais que conforman o programa teórico da asignatura.

6.2.- TEMPORALIZACIÓN.

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

1. Repaso das declinacións e as súas particularidades. Substantivos irregulares.	LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais e sinala os trazos que as distinguen.
2. O adxectivo. Comparativos e superlativos. Formas irregulares. Repaso.	LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose dun dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.
2. Repaso e ampliación da morfoloxía pronominal.	LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
3. Repaso da conxugación regular e do verbo SUM e os seus compostos. Conxugación perifrástica.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.
4. Verbos irregulares: VOLO, NOLO, MALO	

<p>5. Sintaxe. Reglas de concordancia. Ampliación.</p>	<p>LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.</p> <p>LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</p>
<p>6. Oración simple e oración composta.</p>	<p>LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza</p> <p>LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.</p>
<p>7. Valores dos casos. Repaso e ampliación.</p>	<p>LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.</p>

<p>A oración de infinitivo. Repaso e ampliación.</p> <p>A oración de relativo. Repaso. Oracións relativas adverbiais. Relativo con valor de demostrativo.</p> <p>Usos do participio. Repaso e ampliación.</p> <p>Xerundio, xerundivo e supino. Repaso e ampliación.</p> <p>A oración subordinada.</p>	<p>LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.</p> <p>LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónas para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</p> <p>LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.</p> <p>LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</p>
---	--

<p>8. Transmisión da literatura clásica.</p>	<p>LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.</p> <p>LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos de literatura contemporánea.</p>
<p>9. Xéneros literarios: a Épica e a Fábula latinas.</p>	<p>LA2B4.2.1. Describe as características esenciais da épica e da fábula latinas.</p> <p>LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.</p> <p>LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da épica e da fábula latinas, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</p> <p>LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.</p> <p>LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneas/os, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.</p>

<p>10. Toponimia galega de orixe latino.</p>	<p>LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras do léxico común e especializado do galego e do castelán.</p>
<p>11. <u>Palabras</u> patrimoniais, cultismos e semicultismos. Derivación e composición. Sufixos e prefixos latinos.</p> <p>Latinismos máis frecuentes nos rexistros culto e científico.</p>	<p>LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e castelán.</p> <p>LLA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado</p> <p>LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e castelán.</p> <p>LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</p> <p>LA2B6.2.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.</p>
<p>12. Evolución do latín ao galego e castelán: consoantes e grupos consoánticos.</p>	<p>LA2B1.1.1 Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.</p> <p>LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras de evolución fonética.</p> <p>LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilústrao con exemplos.</p>
<p>13. Orientacións para o manexo do dicionario.</p>	<p>LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor para unha correcta tradución do texto.</p>
<p>14. Técnicas de tradución.</p>	<p>LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.</p>

SEGUNDA AVALIACIÓN:

1. Verbos irregulares: EO, FERRO, FIO.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.
2. Oracións interrogativas indirectas. 3. Oracións condicionais.	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.
4. Valores dos casos. Ampliación.	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.
5. Verbos de temor, rogo e dúbida.	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
6. Adverbios, preposicións e conxuncións.	LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais e sinala os trazos que as distinguen. LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

<p>7. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Derivación e composición. Sufixos e prefixos latinos. Latinismos máis frecuentes nos rexistros culto e científico.</p>	<p>LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e castelán.</p> <p>LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</p> <p>LA2B6.2.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.</p> <p>LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras do léxico común e especializado do galego e do castelán.</p>
<p>8. Evolución do latín ao galego e castelán: vogais (1).</p>	<p>LA2B1.1.1 Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.</p> <p>LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras de evolución fonética.</p> <p>LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustra con exemplos.</p>
<p>9. Xéneros literarios: a Historiografía e a Oratoria. Influencia na literatura europea.</p>	<p>LA2B4.2.1. Describe as características esenciais da historiografía e da oratoria latinas.</p> <p>LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras.</p> <p>LA2B4.3.2. Nomea autores representativos destes xéneros e encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</p> <p>LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.</p> <p>LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos posteriores.</p>
<p>10. Máximas e expresións latinas de uso actual.</p>	<p>LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións latinas.</p>
<p>11. Toponimia galega de orixe latina.</p>	<p>LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras do léxico común e especializado do galego e do castelán.</p>

12. Técnicas de tradución.	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
13. Comentario de textos.	<p>LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.</p> <p>LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</p> <p>LAB5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</p>

TERCEIRA AVALIACIÓN:

1. Verbos defectivos.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e castelán.
2. Cadro completo das oracións subordinadas. Nexos máis importantes.	<p>LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.</p> <p>LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</p> <p>LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.</p> <p>LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</p>
3. Consecutio temporum.	LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.
4. Valores dos casos. Ampliación.	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

<p>5. Xéneros literarios: a Lírca e a Comedia latinas.</p>	<p>LA2B4.2.1. Describe as características esenciais da lírica e da comedia latinas.</p> <p>LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúalos nos autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.</p> <p>LA2B4.3.2. Nomea autores representativos, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</p> <p>LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.</p> <p>LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneas/os, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.</p>
<p>6. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Derivación e composición. Sufixos e prefixos latinos. Latinismos máis frecuentes nos rexistros culto e científico.</p>	<p>LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e castelán.</p> <p>LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.</p> <p>LA2B6.2.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.</p> <p>LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras do léxico común e especializado do galego e do castelán.</p>

7. Evolución do latín ao galego e castelán: vogais (2)	<p>LA2B1.1.1 Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.</p> <p>LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras de evolución fonética, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.</p> <p>LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustra con exemplos.</p>
8. Toponimia galega de orixe latina.	LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras do léxico común e especializado do galego e do castelán.
9. Locucións latinas de uso habitual en galego e castelán.	LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
10. Técnicas de tradución.	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.
11. Comentario de textos.	<p>LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.</p> <p>LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</p> <p>LAB5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos o xénero e o propósito do texto.</p>

6.3- Procedementos e instrumentos de avaliación.

Como xa dixemos no apartado correspondente ao curso de 1º de Bacharelato a **AVALIACIÓN** será **CONTINUA**, especialmente nos aspectos lingüísticos, polo que, na proba da 2ª avaliación, inclúranse contidos da 1ª e na proba da 3ª avaliación ou **AVALIACIÓN FINAL** inclúranse os contidos traballados ao longo de todo o curso. As tres avaliacións que terán lugar ao longo do curso deberán permitir ao profesor coñecer o grao de similitud por parte dos alumnos dos contidos explicados, realizar un seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe e determinar as dificultades específicas.

6.3.1.- Criterios de avaliación.

A título xeral, o currículo LOMCE oficial da materia enumera os seguintes posíbeis criterios de avaliación:

1. Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros

literarios. Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurárase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico. Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais. Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

6. Ler obras da literatura latina traducidas. Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

Os contidos xerais do currículo LOMCE foron restrinxidos pola CIUG no senso expresado na seguinte circular adxunta:

**PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE.
ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA "LATÍN II"**

Curso 2017-2018

O grupo de traballo da materia "Latín II" considera oportuno manter para o curso 2017-2018 os mesmos contidos, a mesma estrutura da proba e os mesmos criterios de valoración utilizados no curso 2016-2017. Se o actual sistema de ABAU se estabiliza, procurárase poñer en marcha un proceso para analizar e definir con tempo suficiente as modificacións que se consideren oportunas,

para da mellor maneira posible adaptar o modelo de exame da materia aos requisitos da normativa vixente. Espérase que nese proceso se poida contar coa colaboración de todo o profesorado de Latín de Bacharelato de Galicia.

Polo tanto, así continuarán sendo as catro partes das que constará a proba e a distribución da puntuación asignada a cada unha desas partes:

PARTE 1: TEXTOS (ata 6 puntos)

1. Tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio (opción A) ou da obra de Fedro (opción B).

Haberá que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto.

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto)

2. Análise morfolóxica das palabras dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas.

3. Análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Haberá que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 1,5 puntos)

4. Descrición das características principais dos xéneros literarios latinos e explicación dos autores e das obras máis representativos. Proponeranse dúas preguntas e haberá que responder só a unha delas. Neste curso serán obxecto de avaliación exclusivamente os seguintes xéneros e autores:

- a) Teatro. Plauto
- b) Oratoria e retórica. Cicerón
- c) Historiografía. Livio
- d) Épica. Virxilio
- e) Lírica. Horacio

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Haberá que responder soamente a dúas das tres preguntas propostas. Para as dúas últimas preguntas continuarase utilizando este curso a listaxe publicada na páxina web da CIUG para anos anteriores.

- 5. Explicación de procedementos de derivación e composición produtivos en latín e dos seus resultados na lingua galega ou castelá.
- 6. Explicación do significado de locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.
- 7. Comentario etimolóxico de topónimos.

Ante estas instrucións da CIUG, fíxose unha selección de contidos acorde cos criterios fixados para as ABAU, que marcan un modelo único de exame baseado nunha tradución (6 p.), un comentario morfosintáctico (1 p.), unha cuestión de literatura (1,5 p.) atinxente a cinco xéneros literarios de tratamento obrigatorio (historiografía, lírica, comedia, épica e oratoria) e dúas cuestións teóricas breves (2 x 0'75 p.) a escoller entre varias, que poden estar dedicadas a toponimia, expresións latinas, etimoloxía ou breves lecturas obrigatorias relacionadas co temario de literatura. Ante a imposibilidade de tratar a totalidade dos subapartados culturais, optouse por deixar fóra do programa o tratamento das lecturas. En canto ao autor a traducir, e de acordo coa pauta marcada en cursos anteriores, optárase pola opción de prosa, concretada no historiador Eutropio.

Xaquefogodestes, ante a imposibilidade material de preparar a fondo aos alumnos para afrontar todos os posibles criterios de avaliación LOMCE, e a conveñenza de prestar atención especial á preparación do formato de exame marcada pola CIUG para as ABAU, a selección de contidos do currículo e, en consecuencia, as probas escritas que constituirán o criterio básico de cualificación, estarán centradas nos seguintes **criterios de avaliación básicos**:

- a.- Identificar e analizar en textos latinos de complexidade progresiva e orixinais os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta.
- b.- Traducir ao castelán ou galego textos latinos de complexidade progresiva, con especial fincapé no xénero historiográfico e fundamentalmente en **Eutropio**, autor no que se basea a opción de prosa das ABAU, que constituirá a base da preparación do alumnado.
- c.- Ampliar o coñecemento da sintaxe de casos.
- d.- Identificar os principais xéneros literarios latinos e coñecer as obras e autores máis representativos.
- e.- Recoñecer e saber analizar e explicar aspectos da morfoloxía e da sintaxe latinas especialmente complexos (formas nominais do verbo, sintaxe do participio latino, valores das principais conxuncións latinas).
- f.- Saber traducir e empregar as locucións latinas de uso máis extendido na actualidade na linguaxe culta do castelán e o galego.
- g.- Acceder á información que pode proporcionar o dicionario latino mediante a interpretación correcta dos seus signos, abreviaturas, entradas, exemplos, etc. de xeito que o alumno faga uso del razoada e razoablemente.
- h.- Coñecer a orixe latina da toponimia galega.
- i.- Compara-lo léxico latino co das outras linguas que coñeza o alumno e deduci-las regras básicas de derivación e composición.

6.3.2.- Mínimos esixíbeis.

De acordo coas orientacións da CIUG para a opción de prosa das ABAU, que é a elixida por este Departamento para orientar hacia ela ao seu alumnado, o eixo fundamental da asignatura (70 % nas ABAU) ven constituído polo temario gramatical e lingüístico, concretado nunha tradución do historiador romano Eutropio (6 p.) e un comentario morfosintáctico dunha parte do texto traducido (1 p.). Ademais, un breve temario de literatura ten un valor dun 15% sobre a totalidade da materia, mentras que o 15% restante é asignado a temas culturais de diversa índole -lecturas, expresións latinas, toponimia e etimoloxía, basicamente.

Nestas circunstancias, fíxase, como nivel mínimo para supera-la asignatura, e de acordo co criterio seguido nas ABAU, a condición de que o alumno debe posuir a final de curso unha competencia global de alomenos 5 puntos sobre 10 na suma dos distintos apartados constituíntes dunha proba idéntica á proposta pola CIUG para a opción de prosa nas ABAU. Para detalles, véxase o texto enriba adxunto das correspondentes circulares da CIUG.

Nestas circunstancias, e de acordo coas orientacións da CIUG, o eixo fundamental da asignatura (70 % nas ABAU) ven constituído polo temario gramatical e lingüístico. O carácter progresivo deste tipo de contidos fai imposible, como é lóxico en calquera lingua, fixar contidos mínimos compartimentalizados para cada tema. Por elo, a competencia global do alumnado neste tipo de contidos no último trimestre do curso suporá tamén un 70 % da calificación final. Para avaliar dita competencia, na corrección das probas prestarase especial atención a certos aspectos da materia que, considerados contidos mínimos a nivel cualitativo, serán enumerados a continuación:

- * Dominio das declinacións do sustantivo, adxetivo e pronomes latinos.
- * Dominio da conxugación activa e pasiva latina, incluídos vernos irregulares.
- * Dominio da sintaxe básica da oración simple activa e pasiva en castelán, galego e latín (asignación de funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo).
- * Dominio da morfoloxía e sintaxe do participio latino.
- * Dominio da morfoloxía e sintaxe da oración de relativo latina.
- * Dominio das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

Polo que ás probas escritas se refire, a competencia do alumnado sobre estes tres contidos mínimos da materia avaliarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- * Identificación correcta das concordancias sustantivo-adxetivo presentes nos exercicios de tradución que formen parte das probas escritas nas que se fundamenta a cualificación da materia, según se expón a continuación.

- * Correcta análise morfolóxica dos sustantivos, adxetivos e pronomes presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas (correcta identificación da declinación en función do enunciado da palabra, e correcta identificación do caso no que esta aparece en función do paradigma da declinación á que pertence).

- * Correcta asignación de funcións sintácticas aos sustantivos, adxetivos e pronomes presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas, elaborada en función das regras básicas de correspondencia entre os distintos casos latinos e as súas respectivas funcións sintácticas.

- * Correcta identificación da concordancia, en persoa e número, entre suxeito e verbo, pilar da estrutura da oración simple.

- * Correcta identificación do antecedente dos relativos presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas.

- * Correcta acotación das distintas oracións principais e subordinadas presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas, sen mesturar os elementos das mesmas.

- * Adecuada distinción entre a sintaxe da oración activa e da pasiva.

- * Correcta identificación e tradución dos xiros de participio presentes nos textos propostos para tradución nas probas escritas.

- * Elaboración dunha tradución ao galego ou castelán acorde cos datos da análise morfosintáctica previa das frases latinas propostas. Neste senso, cómpre deixar claro que as lagoas na análise e as diverxencias entre análise e tradución serán penalizadas, pois son indubablemente indicio de que os acertos nesta última son produto do mero azar ou da trampa (a un alumno pódennlle soplar fácilmente a

traducción dunha frase determinada, mais é cuase imposíbel que lle soplen a análise da mesma).

Polo que respecta ao temario cultural, correspondente ao 30% da materia, serán considerados contidos mínimos os seguintes:

Temario de literatura (15%): Guións escritos de cada un dos temas incluídos na programación oficial das ABAU, proporcionados ao alumnado polo profesor da materia.

Temario cultural (15%):

* Aforismos: Listado explicativo, con exemplos, da orixe e significado dos distintos aforismos incluídos na programación oficial das ABAU, proporcionados ao alumnado polo profesor da materia.

* Topónimos: Listado explicativo da etimoloxía e significado dos distintos topónimos incluídos na programación oficial das ABAU, proporcionados ao alumnado polo profesor da materia.

* Prefixos: Capítulo correspondente ao valor dos prefixos e preposicións da Gramática Latina de Valentí Fiol, completado con explicacións puntuais do profesor.

6.3.3.- Criterios de cualificación.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, por regra xeral, dúas probas obxectivas escritas, todas elas puntuadas de 0 a 10. Ditas probas axustaranse escrupulosamente ao modelo ABAU descrito no apartado anterior: traducción do historiador romano Eutropio (6 p.), comentario morfosintáctico dunha parte do texto traducido (1 p.), cuestión de literatura (1,5 p.) e dúas cuestións (2 x 0'75 p.) sobre os distintos aspectos culturais que se vaian tratando na clase, en concreto toponimia, expresións latinas e etimoloxía. Para obte-lo aprobado, o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos sobre 10 na media das probas trimestrais. Dado o carácter progresivo da materia, e a non infrecuente tendencia de algúns alumnos, abrumados pola carga de traballo de outras materias, a abandonar a materia a mediados de curso, co consiguiente deterioro da competencia lingüística acadada na primeira parte do curso, a cualificación final basearase fundamentalmente (nun 80%) na media das dúas últimas probas do curso (abril e maio), que marcan o nivel de competencia do alumno para afrontar as inminentes ABAU. Especial relevancia (60% da cualificación final) terá o exame final de maio, que, amén de ser pedra de toque do nivel de competencia lingüística do alumno a final de curso, abrangue a totalidade do temario de cultura e literatura, do que o alumno tense examinado por parciais anteriormente. A cualificación do primeiro trimestre non será tida en conta á hora de determinar a cualificación final do alumnado, e a do 2º trimestre só terá un peso do 20%. Tódalas probas terán, coma nas ABAU, unha duración estricta de 90 minutos.

Por razóns obvias derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, eixo fundamental da asignatura, calquer alumno que acade unha media de 5 nas probas obxectivas do segundo trimestre recuperará automaticamente o primeiro, e así sucesivamente. En calquera caso, a final de curso fixarase unha proba xeral de recuperación baseada nos mínimos esixíbeis fixados anteriormente.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado. En calquera caso, o valor outorgado a estas consideracións de índole subxectiva non superará a proporción do 5% da nota final global.

Aqueles alumnos que en xuño non alcancen o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura, serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de setembro. Esta proba extraordinaria axustarase tamén ao modelo ABAU anteriormente descrito.

6.3.4.- Procedementos de avaliación.

6.3.4.1.- Ordinaria.

En cada trimestre, os alumnos realizarán, como norma, dúas probas obxectivas escritas que seguirán estrictamente, en **modelo, estrutura e baremo**, as **pautas das ABAU**. Para obter o aprobado, o alumno deberá obter un mínimo de 4'5 puntos sobre 10 na media das probas trimestrais. Dado o carácter progresivo da materia, e a non infrecuente tendencia de algúns alumnos, abrumados pola carga de traballo de outras materias, a abandonar a materia a mediados de curso, co consiguiente deterioro da competencia lingüística acadada na primeira parte do curso, a cualificación final basearase fundamentalmente (nun 80%) na media das dúas últimas probas do curso (abril e maio), que marcan o nivel de competencia do alumno para afrontar as inminentes ABAU. Especial relevancia (60% da cualificación final) terá o exame final de maio, que, amén de ser pedra de toque do nivel de competencia lingüística do alumno a final de curso, abrangue a totalidade do temario de cultura e literatura, do que o alumno tense examinado por parciais anteriormente. A cualificación do primeiro trimestre non será tida en conta á hora de determinar a cualificación final do alumnado, e a do 2º trimestre só terá un peso do 20%. Tódalas probas terán, coma nas ABAU, unha duración estricta de 90 minutos.

Calquera consideración subxectiva (actitude, traballo...) será considerada secundaria e en principio irrelevante de cara ás cualificacións trimestrais e final, se ben poderá ser tida excepcionalmente en conta, sempre en beneficio do alumno, á hora de perfila-la cualificación final daqueles que superen o nivel mínimo esixido para o aprobado.

6.3.4.2.- Extraordinaria.

Aqueles alumnos que en xuño non acaden o nivel de competencia mínima fixado para supera-la asignatura na avaliación ordinaria (probas trimestrais e repesca de xuño, conforme ao programa de recuperación exposto no punto seguinte), serán convocados a unha proba extraordinaria de avaliación a principios do mes de xuño. Esta proba extraordinaria seguirá tamén o modelo ABAU anteriormente descrito. O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 4'5 puntos nela para supera-la materia.

6.3.5.- Sistemas de cualificación.

Coma xa quedou dito, o baremo de cualificación das probas que se realizarán durante o curso cinguirase estrictamente ao modelo fixado polo grupo de traballo de Latín para as ABAU, que queda representado no cadro de estándares do seguinte apartado.

6.3.5.1.- Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro.

BLOQUE DE CONTIDO	PORCENTAXE ASIGNADA AO BLOQUE	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	MÍNIMO ESIXIBLE
BLOQUE 1: TOPONIMIA	7,5 %	- Coñecer os principais topónimos galegos de orixe latina	50%

<p>BLOQUE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE</p>	<p>10 %</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Dominio das declinacións do sustantivo, adxetivo e pronomes latinos e as súas concordanzas. - Dominio da conxugación activa e pasiva latina, incluídos verbos irregulares. - Dominio da sintaxe básica da oración simple activa e pasiva en castelán, galego e latín (asignación de casos, funcións sintácticas e concordancia suxeito-verbo). - Dominio da morfoloxía e sintaxe do participio latino. - Dominio da morfoloxía e sintaxe da oración de relativo latina. - Identificación e tradución correcta dos xiros de participio presentes nos textos. -Coñecemento dos valores das conxuncións CUM e UT 	<p>50%</p>
<p>BLOQUE 3: LITERATURA</p>	<p>15%</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Describir as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e coñecer os autores máis representativos de cada un deles, a súa obra e o seu contexto cultural. 	<p>50%</p>

BLOQUE 4 TEXTOS	60%	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais empregando o dicionario de xeito comprensivo. - Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación e tradución de textos. - 	50%
BLOQUE 5: LÉXICO	7,5%	-Coñecer e empregar axeitadamente locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	50%

6.3.7.- Programa de recuperación.

6.3.7.1.- Da propia materia durante o curso.

Polas razóns xa expostas derivadas do carácter progresivo dos contidos gramaticais, que implica un repaso constante e cotiá na aula dos contidos lingüísticos teóricos e prácticos correspondentes a trimestres anteriores, calquera alumno que obteña unha media de cinco puntos nas probas obxectivas do segundo trimestre - que marcan os contidos mínimos da materia - recuperará automaticamente o primeiro trimestre.

No caso de que un alumno non supere o segundo trimestre, será convocado ao longo do terceiro trimestre a dúas probas de contidos mínimos baseados nos niveis mínimos de competencia lingüística fixados na programación. Ditas probas seguirán o esquema e baremo das ABAU, aínda que a dificultade do texto proposto será menor que no caso das probas do alumnado que, tendo superado os dous primeiros trimestres, opte a subir nota. A cualificación definitiva dos alumnos que teñan o segundo trimestre pendente será calculada facendo unha media entre estas dúas probas de contidos mínimos. En calquera caso, e dado que esta proba se basea exclusivamente en contidos mínimos, a cualificación do alumnado que a supere será en tódolos casos, a efectos de fixa-la cualificación na avaliación extraordinaria, de 5 puntos.

6.3.7.2.- Avaliación do alumnado con Latín I pendente.

Os alumnos que cursan 2º de Bacharelato coa materia de Latín I pendente serán atendidos unha vez á semana, nun recreo, polo Xefe de Seminario, quen lles irá marcando tarefas para ir preparando o temario morfosintáctico da materia de Latín I e lles irá revisando o traballo feito.

Estes alumnos serán examinados, nun primeiro parcial no mes de xaneiro, da materia correspondente ao primeiro trimestre da programación de Latín I vixente para o presente curso. Despois, en abril, serán examinados, nun segundo parcial, da materia correspondente ao segundo trimestre da programación de

Latín I vixente para o presente curso. A materia do terceiro trimestre non está incluída nos contidos mínimos da materia, polo que o alumno quedará eximido de preparala. De non conseguir aprobar por parciais, os alumnos serán convocados en maio a unha última proba global de contidos mínimos na que se decidirá se superan ou non a materia. O modelo e estrutura destas probas, os criterios de cualificación aplicados nas mesmas e os mínimos esixíbeis da materia serán idénticos aos fixados para a materia de Latín I no curso 2018/2019, que xa quedaron detallados máis arriba.

6.4.- Metodoloxía didáctica.

O fio conductor do curso virá marcado, nas primeiras semanas, por unha sucesión de exposicións teóricas do temario morfolóxico-sintáctico anteriormente detallado. Cada unha delas virá completada, de acordo co enfoque xeral da asignatura, con abundantes exercicios prácticos de análise morfosintáctica e tradución. Superada esa primeira etapa, as explicacións cotidianas basearanse na lectura, tradución e comentario de textos do historiador latino Eutropio, autor elixido para a opción de prosa das ABAU.

Polo que atinxe á área teórica do programa e das ABAU, os contidos relativos a léxico e etimoloxía non serán obxecto de exposicións monográficas, senón de comentarios cotidianos ó fio dos textos traducidos en clase, sobre os que se farán prácticas de formación de familias léxicas. Os contidos relativos a expresións latinas, toponimia e literatura sí serán obxecto de exposicións monográficas que se irán intercalando entre as prácticas de tradución cotidianas. Outros moitos aspectos secundarios de cultura e civilización serán comentados tamén ó fio dos textos, segundo o tradicional procedemento do comentario de *realia*.

6.5.- Materiais e recursos didácticos. Libros de texto.

Gramática Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Sintaxis Latina. Valentí Fiol . Editorial Bosch.

Diccionario Latín-Español Vox / Spes.

6.6.- Temas transversais.

Obviamente, o tratamento dos contidos do programa implica constantes referencias transversais, especialmente con lingua galega e castelá, lingua inglesa e francesa e ciencias sociais. Con todo, non se ten trazado un plan de desenvolvemento sistemático de temas transversais, senon que estes irán sendo tratados a modo de digresión a medida que vaian xurdindo ao fio do desenvolvemento do programa.

6.7.- Actividades complementarias e extraescolares.

A data de hoxe, o Departamento non ten previsto realizar actividades complementarias ou extraescolares.

6.8.- Atención á diversidade. Adaptacións curriculares.

A data de hoxe, non hai propostas de deseño de medidas de atención á diversidade para ningún alumno da materia.

6.9- Procedementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente.

Dado que a vixente configuración da LOMCE obriga na práctica a escoller Latín II aos alumnos que escolleron Latín I, e que o latín é unha materia progresiva cuio pleno desenvolvemento implica os dous cursos de Bacharelato, e cuio obxectivo último é a preparación do alumnado para as probas ABAU, a avaliación plantéxase a dous anos vista, para o ciclo completo dos dous anos de Latín I e II. A tal fin, considérase que o índice de avaliación máis obxectivo posíbel é o cotexo das cualificacións obtidas polo

alumnado nas probas ABAU e a observación de posibles discrepancias con respecto ás cualificacións obtidas en segundo curso de Bacharelato.

En Noia, a 25 de outubro de 2017

Asdo.: Prof. Dr. Néstor Alonso Rilo
Xefe de Departamento